



Teología en las periferias. De amor político y cuidados en tiempos de incertidumbre

Pepa Torres Pérez, San Pablo, 2020

Pepa Torres é unha muller ben coñecida e querida en Encrucillada. Relixiosa, teóloga, educadora social e profesora no Instituto Superior de Pastoral de Madrid, vive no barrio de Lavapiés, en Madrid. Na presentación deste seu libro, en decembro de 2020, resalta que a teoloxía «sempre é un acto de espirse». A reflexión sobre Deus que Pepa ofrece, misterio de Amor e Dignidade, está feita nun lugar ben concreto, nas periferias dunha cidade descentrada, unha periferia no mesmo centro de Madrid, lugar de resistencia e contraculturalidade ameazado pola «*xen-trificación*» e os fondos voitre. Para Pepa «a vida nas periferias non é unha opción, senón unha sedución. Non é unha cuestión de voluntarismo ou imperativo ético, é unha cuestión de amor, e de resistencia. Require unha

mística que hai que alimentar cada día».

E desde este punto de partida, que é tamén estación de chegada, desenvólvese unha teoloxía encarnada nunha realidade social concreta. No seu anterior libro de 2017, *Decir haciendo*, a autora foinos introducindo nas historias da realidade do seu barrio, contándonos como estaba a vivir a súa experiencia de Deus. Agora, neste novo traballo, a experiencia artéllase en teoloxía, e a vida dá paso á reflexión fonda, rastrexando as pegadas de Xesús de Nazaret, rastrexando a mirada de Deus nos ollos e o corazón do barrio e as xentes que a habitan.

No inicio deste século XXI, as persoas católicas vivimos inseridas nunha sociedade onde o pluralismo e a increnza son feitos cotiáns. Tamén a incer-

teza e a impotencia. E nesta realidade volátil, cambiante, chea de miseria e pequenos triunfos, crer en Deus significa vivir na dinámica da xenerosidade e a apertura, na creatividade e no sostemento mutuo.

Vénme á cabeza aquel cantante guatemalteco que dicía que Xesús é verbo, non substantivo. En Pepa transparéntase ese Deus verbo, acción continuada e dinamizadora, que transforma o mundo ata facelo plenamente humano. Somos lévedo no medio da masa, pequenas luces postas no candeeiro para iluminar. Cristiáns e cristiás xa non nos podemos permitir o luxo de facer teoloxías de salón, sen poñer os pés na rúa, sen tocar os límites do cotián e transcendelos, máis aló de nós, en sinerxia coa sociedade, a cultura, o mundo no que habitamos e que nos habita.

Deus forma parte das nosas historias de vida, dos vínculos que te sosteñen e cos que sostés e que dan sentido, mesmo nas situacións de maior abandono. As periferias non se poden transitar en solitario senón desde unha experiencia comunitaria forte.

Na Teoloxía de Pepa Torres hai miradas especiais de cariño a diferentes colectivos, sobre todo a mulleres, inmigrantes e cristiás sen igrexa. Fala de orfandade eclesial: cada vez hai máis persoas para as que Xesús de Nazaret e o Evanxeo teñen centralidade nas súas vidas, pero que sofren orfandade ou maltrato eclesial na súa relación coa estrutura, a doutrina, as linguaxes, os xeitos de evangelización... Son persoas que ven como as súas propostas, desexos, buscas, son menosprezadas ou ignoradas por unha xerarquía eclesiástica que se pon de perfil ante as súas realidades.

Ábrese o libro cunha declaración de vida da autora, que nos expresa a súa experiencia vital de verse sostida por un Misterio de amor e relación, sentido e con-sentido, ao xeito de Xesús de Nazaret, en comensalidade aberta ao mundo. Na segunda parte narra e describe as periferias, as fronteiras que ela transita a diario, para preguntarse e preguntarnos como nos mira Deus dende os ollos das persoas que as habitan. As periferias reclaman unha teoloxía que non so é *intelectum fidei*, senón *intelectum amoris*.

E o amor é amor político e coidados nas mans dun Deus que é misericordia e acollida. Na terceira parte Pepa abre a mirada no descubrimento de novas maneiras de ser comunidades cristiás e comunidades de vida relixiosa. A Igrexa é máis grande que ela mesma, así que ten que abandonar a autorreferencialidade e o ecle-siocentrismo para avanzar cara ao Reinocentrismo, conectando coa súa raíz evanxélica, unha igrexa «en saída», que acolle e anuncia a Deus nas perife-rias da vida. Pepa Torres traza tamén o camiño dunha nova maneira de entender a vida relixiosa, desde unha mística do amor e a relación, e fala de recuperar identidades, de avivar en nós a memoria perigosa do seguimento de Xesús, buscando as pegadas deste cambio en figuras bíblicas que se volven testemuñas de amor e coidados.

A cuarta parte do libro dedícase ás mulleres na Igrexa, e fala desta relación como unha

débeda histórica. Do femi-nismo destaca os coidados, como unha veta de ouro presente na tradición feminista que é necesario implantar na sociedade e na Igrexa. E con-trapón dúas mulleres cunha reconciliación pendente: Sara e Agar, a matriarca e a escrava, dúas mulleres enfrontadas pola súa supeditación ao proxecto de vida e familia de Abraham. En paralelo a estas dúas vidas corre e desenvólvese a exclusión das mulleres na Igrexa hoxe.

Remato esta recensión reco-mendándovos a lectura deste libro, que dá azos a unha vida en plenitude, desde o evanxeo do amor político e os coidados nestes tempos de incerteza. Quero tamén destacar de xeito especial as oracións presentes neste libro, cantos que abro-llan da vida en compromiso e do Evanxeo vivido, que nos fan avanzar cara a unha nova espi-ritualidade, activa e creativa.

Marisa Vidal Collazo